

PLAN DE IGUALDADE



IES VALADARES
2023-2024

Aprobado no Consello Escolar do X de novembro de 2023

1. Introdución.....	3
2. Contextualización normativa e do centro.....	4
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.....	6
4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan	7
4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.....	7
4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	8
4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	9
4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia	9
5. Medidas concretas de actuación	10
5.1 Organización do centro.....	11
5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero	12
5.3 Xestión de espazos, recursos e oportunidades de xeito inclusivo.....	13
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na convivencia escolar	14
6. Seguimento e avaliación.....	15
Anexo: Cadro resumo de actuacións.....	18

1. Introdución

Na elaboración do Plan de Igualdade para o curso 2023-24 non partimos de cero. Son moitas as actividades, proxectos, obradoiros e charlas desenvolvidas na nosa comunidade ao longo da nosa traxectoria educativa, e podemos dicir que sempre tiveron unha gran relevancia, tanto na programación anual de actividades, como no aspecto transversal, ou nos proxectos integrados de centro, documentos, normas, regulamentos e protocolos a seguir no noso día a día.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo non é unha tarefa doada, pois abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental no que debemos centrar os nosos esforzos debe ir na liña de traballo de todo o centro xunto coa súa comunidade educativa, facendo fincapé na reflexión sobre os prexuízos nos que fomos educadas e educados xeración tras xeración.

Hoxe en día, a lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero establece as bases fundamentais da política de igualdade de oportunidades en Europa e, nese senso, a Constitución española promulga que somos iguais ante a lei e, áinda que dende hai tempo que a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, isto non é a realidade no noso día a día nos diferentes ámbitos: sociais, laborais, deportivos... e, daquela, tampouco na escola.

Os prexuízos sexistas e LGBTIfóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) definen a base de condutas discriminatorias que poden desembocar en situacóns de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por este motivo, debemos deseñar actividades que favorezan o coñecemento e a concienciación fronte aos devanditos prexuízos, que promovan a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero. Todas deben servir para modificar as condutas discriminatorias, fomentar a participación, o exercicio da liberdade e o desenvolvemento digno de calquera ser humano.

A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos. En consecuencia, a educación en igualdade dos dous性es é necesaria para o desenvolvemento individual de mulleres e homes. Emporiso, a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades. A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais de todas e todos e contribúe a unha sociedade máis xusta, na que o sistema educativo ten un papel primordial para cimentar as bases deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de capacidades básicas de tipo cognitivo, emocional e ético. Isto supón que á necesidade incuestionable de educar en habilidades e coñecementos engádese a de educar para unha mellor calidade de vida e para dotar a esta de sentido moral. O sistema educativo debe facerse cargo de crear as condicóns necesarias para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e a riqueza que supón a diversidade nos modos de ser home e de ser muller, imprescindible para establecer unhas relacións baseadas na equidade, o respecto e a

corresponsabilidade. Para isto, proponse unha medida integral no propio centro educativo coa implantación dun Plan de Igualdade contextualizado, dende o que se avance cara á igualdade de xénero e cara á construción dun modelo educativo igualitario no centro.

No proxecto educativo de centro contemplamos medidas para promover a igualdade de xénero, xa que os Proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, entre os e as adolescentes, sexa cal for a súa condición. A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias. Para evitar a reproducción de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbicos, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudiantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Estas medidas serán canalizadas pola **coordinadora** do Plan de Igualdade, membro do noso Consello Escolar, que impulsará as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

2. Contextualización normativa e do centro

Marco normativo de referencia en relación co plan de convivencia:

- Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOGA15/06/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 (DOGA 27/01/15).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- D.156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (LOMLOE).
- D.157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (LOMLOE).
- Instrucción do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de PLANS DE IGUALDADE no

curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Acordo da CEUFP coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia co fin de cumplir as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamiento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Orde de 3 de maio de 2023, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa que recolle a necesidade de traballar a diversidade afectivo-sexual nos centros educativos:

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o desenvolvemento do **Plan de Igualdade é responsabilidade de toda a comunidade educativa e a súa elaboración e inclusión no Proxecto Educativo corresponde ao Equipo Directivo co asesoramiento do profesor ou profesora coordinadora do Plan de Igualdade e a participación de todo o claustro**, que recollerá as actuacións en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero a desenvolver no centro. É fundamental a coordinación e a colaboración co Equipo de Orientación Educativa, co obxecto de asegurar unha orientación académica e profesional que teña en conta a perspectiva de xénero, así como unha formación igualitaria en temas como a autonomía persoal, a educación emocional, a educación afectivo-sexual ou a resolución pacífica de conflitos.

Por outra banda, a colaboración con todos os Departamentos permite afondar no desenvolvemento do currículo non sexista, así como a visibilidade das achegas das mulleres nel. As medidas e actuacións propostas para o Plan de Igualdade corresponden ao Claustro, á Comisión de Convivencia e ao Consello Escolar, así como a súa revisión e evaluación.

O disposto neste Plan é aplicable é debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa e, logo da súa aprobación, será de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIofobia.

No IES Valadares vimos dun momento de crecemento en todos os sentidos, tanto no número de alumnado e profesorado, como no tocante a niveis educativos, á mellora e optimización de espazos, medidas e proxectos de innovación educativa e atención á diversidade. Somos un centro situado no contorno rural, áinda que preto da cidade, e isto condiciona as características das familias e do noso alumnado.

A zona de influencia do IES Valadares esténdese dunha forma ampla ás parroquias de Castrelos, Matamá, Valadares, Zamáns e Navia (que suman case 20.000 habitantes) áinda que está fundamentalmente determinada pola procedencia do alumnado dos centros adscritos: CEIP Josefa Alonso de Alonso (Matamá), CEIP Mestres Goldar (Castrelos), CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares (Valadares), CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares (Valadares) e CEIP Castelao (Navia). Destes Centros de Educación Primaria nútrese case en exclusiva a matrícula do Instituto, chegando nalgún caso a recibir alumnado das parroquias veciñas dos concellos de Mos e Gondomar e do casco urbano de Vigo. Todo isto fai que no centro confluán familias moi variadas, dende as conscientes da importancia da educación, ata as desestruturadas, con conflitos internos de envergadura.



Medias vermelhas. Actuación levada a cabo para conmemorar o 25 N no curso 2021-22

Debemos dicir que, en xeral, temos un alumnado moi receptivo e aberto respecto a todas as cuestións de igualdade entre homes e mulleres; e así o constatamos en cada actividade na que participamos a nivel de centro ou coas diferentes institucións, ano a ano; así o avalan tamén os numerosos premios acadados en diferentes disciplinas (debuxo, deseño, mural, relato, etc) nos últimos cursos. Somos

un instituto que se caracteriza pola gran oferta de actividades extraescolares cun nivel elevado de participación de alumnado en cada unha delas, durante todo o ano, e o traballo pola Igualdade e pola atención á diversidade afectivo-sexual é un dos fíos condutores das nosas propostas.

Non hai dúbida de que se seguen vivendo situacións, non xeneralizadas, afortunadamente, nas que se evidencia unha actitude pouco igualitaria e discriminatoria entre a rapazada. Atopámola entre o alumnado máis disruptivo, que amosa un comportamento machista e violento cos seus compañeiros e compañeiras.

Así mesmo, áinda que ás veces manteñen unha postura clara de rexeitamento á violencia machista, unha parte do alumnado vive ou ten vivido nas súas casas situacións límite e vese afectado cando se trata o tema en clase, nas horas de titoría ou nalgúns obradoiros. Por todo iso, parece imprescindible seguir afondando nestes asuntos, co fin de conseguir nas vindeiras xeracións un rexeitamento total da discriminación entre homes e mulleres e, en consecuencia, unhas relacións afectivas non tóxicas (nos últimos anos percíbese un retroceso nas relacións amorosas entre mozos e mozas).

En relación coa realidade do IES Valadares, cómprenos sinalar a importancia da creación do **Club de Diversidade**, iniciativa que xorde do propio alumnado no curso 2020-21 como demanda dun espazo seguro no que compartir inquedanzas e/ou dúbidas en relación coas inxustizas que detectan no seu entorno inmediato relacionadas con situacións de desigualdade en todos os ámbitos.

O curso pasado propuxemos a creación dunha **titoría LGTBIQ+** que cumplirá a función de ser tamén un espazo seguro de escucha e/ou acompañamiento para o alumnado que o precise. Este curso procuraremos darlle máis visibilidade a esta iniciativa.

4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Descubrir nas experiencias diárias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.

- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara ás mozas e aos mozos.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Animar ás familias a reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero, sobre a liberdade na elección da identidade de xénero e sobre a libre orientación afectivo-sexual.
- Incentivar o reparto de forma xusta e equilibrada das tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar ás familias a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Aplicar e informar correctamente dos protocolos establecidos polas administracións en caso de detección dun caso de violencia de xénero, sempre protexendo á persoa menor.
- Favorecer a comunicación coa persoa menor para detectar posibles casos de violencia familiar.
- Poñer á disposición do alumnado todas as canles posibles de comunicación e axuda nos casos de violencia de xénero (departamento de orientación, servizos sociais, grupo de mediación, buzón de suxestións...).
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Sensibilizar a todo o profesorado cara á detección de problemas no contorno familiar.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacóns interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Implicar ás familias nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Evitar a presunción de heterosexualidade das familias nos documentos do centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.) que debe cubrir cada estudiante ou familia.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e á identidade de xénero.
- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia

- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans» conforme ao nome e ao xénero sentidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.

- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime interno e o Plan de Acción Titorial.
- Asegurar que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.
- Adaptación de textos.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que componen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, facendo visible o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homofóbico e transfóbico.

5. Medidas concretas de actuación

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O Equipo Directivo, o Claustro, o Consello Escolar, a Comisión de Igualdade... todos eles son órganos participantes na elaboración de propostas, nas normas, nas medidas a levar a cabo. Cada un deles desempeña as súas funcións. **O claustro** debe realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro, participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia e propor actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

A **Comisión de Igualdade** ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste Plan de Igualdade e nas normas de convivencia do centro. Entre as súas funcións está

elaborar o Plan de Igualdade e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.

Será o **Consello Escolar** o órgano último da comunidade educativa encargado de aprobar todas as innovacións, modificacións e novas propostas achegadas polos equipos antes mencionados.

5.1 Organización do centro

Medidas	Actuacións
Paridade na representación de órganos de decisión	Paridade en equipos directivos, persoas coordinadoras, representantes do Consello Escolar, titorías e elección de delegadas e delegados.
Difusión do Plan de Igualdade tamén entre as familias.	-Publicación do Plan de Igualdade na web e redes sociais do Centro. -Creación da Escola de Nais e Pais. - Promoción de talleres e charlas para as familias en materia de Igualdade.
Formación de Profesorado	-Participación do profesorado nos obradoiros e charlas propostas para o alumnado. -Asegurar a formación en igualdade da Coordinadora do Plan de Igualdade.
Linguaxe inclusiva	-Promoción da linguaxe inclusiva, que deberá ser empregada sempre por todo o persoal de centro. -O emprego da linguaxe inclusiva estará recollido no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) e desenvolvido no Tratamento Integrado de Linguas (TIL).
Colaboración con entidades	-Obradoiros de educación afectivo-sexual de Alborada. -Obradoiros de Nós Mesmas. - Participación no Enlazavigo22 do Concello de Vigo. - Colaboración con AFAGA.
Actividades en datas coeducativas 25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI	Actuacións destinadas a visibilizar as datas sinaladas con obradoiros, charlas, patrullas lectoras a cargo do Club de Diversidade, creacións levadas a cabo na materia de EPVA, intervencións no centro, exposicións, saídas, etc. Todas elas recollidas na programación do DACE.
Desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.	-Traballo continuado nas programacións de departamentos atendendo á transversalidade e traballando o

	<p>respecto, de xeito que todo o que definimos no Plan de Igualdade se estea a traballar nas aulas.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Obradoiros de educación afectivo-sexual de Alborada. -Obradoiros de Nós Mesmas.
Desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos	<ul style="list-style-type: none"> -Obradoiros de Mulleres Emprendedoras para o alumnado de 4º da ESO.
Actualización curricular e revisión de material didáctico.	<ul style="list-style-type: none"> -Desenvolvemento de Proxectos integrados en cada curso nos que se traballe a <i>Igualdade real e efectiva</i>, cos diferentes departamentos de xeito colaborativo. Todo queda recollido a nivel curricular nas programacións. -Renovación dos fondos bibliográficos da biblioteca do centro con títulos relativos á igualdade e á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
Participar en programas específicos	<ul style="list-style-type: none"> -Participación nos Contratos-Programa Inclúe (CPIinclúe) propostos pola Consellería de Educación: Quéda-T Iguala-T Inclúe-T Convive-T Emociona-T

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero

Medidas	Actuacions
Revisar programacións didácticas dende a perspectiva de xénero	Traballar na CCP os contidos das programacións e reflectilo nas memorias finais
Revisar material didáctico nas aulas e contidos audiovisuais.	Traballar coa colaboración da coordinadora de Igualdade do centro.
Actividades de sensibilización na aula	Facilitar material de apoio e recursos didácticos dende Orientación e Igualdade para que as persoas titoras e o profesorado poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
Actividades de sensibilización e información coas familias	<ul style="list-style-type: none"> -Traballar a igualdade dende o Club de Diversidade e o Club de Lectura de adultos do Centro. -Dar a coñecer e promocionar a existencia da Titoría LGTBIQ+ que se

	<p>implementou o curso pasado.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coordinar coa Anpa a oferta de obradoiros, formación a familias e charlas de distintas asociacións.
--	---

5.3 Xestión de espazos, recursos e oportunidades de xeito inclusivo

Medidas	Actuacións
Difusión en taboleiros	<ul style="list-style-type: none"> -As paredes do centro están sempre a disposición de toda a comunidade educativa para calquera tipo de carteis e propostas de igualdade, coeducación e diversidade. - Recuperación do punto lila para a visibilización contra a VX mediane a creación dun espazo fixo de información e documentación.
Promover lecturas coeducativas	<ul style="list-style-type: none"> -Dotación específica de libros na biblioteca. -<i>Patrullas Lectoras</i> de alumnado coordinadas dende a biblioteca e/ou do Club de Diversidade, que compartirán textos coeducativos.
Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras	Traballamos e colaboramos sempre con entidades respectuosas e con experiencia xa demostrada e validada previamente.
Empregar contidos de actualidade.	<p>As materias integradas de Lingua Castelá e Matemáticas o alumnado de 1º da ESO realiza tarefas partindo da súa realidade baseadas no aprendizaxe competencial.</p> <p>Os grupos de 4º ESO, que participan na iniciativa dos Polos Creativos, parten tamén da realidade e da actualidade para levar a cabo os proxectos.</p>
Xestionar actividades da ocupación de patio para a inclusión	Proposta de actividades e retos lúdicos que potencian os patios inclusivos tamén dende a perspectiva de xénero.
Promover os espazos tecnolóxicos para a igualdade	<ul style="list-style-type: none"> -Emprego do Stemlab para levar a cabo proxectos interdisciplinares en 3º ESO (Tarefas integradas) 4º ESO (Polo Creativo).
Promover a prevención da discriminación por cuestións de sexo	Todo o alumnado participa activamente na elaboración dos murais, carteis e pezas audiovisuais que realizan en EPVA para as actuacións que se levan a cabo

	nas datas sinaladas.
Previr o acoso	<ul style="list-style-type: none"> -Observación atenta día a día por parte do equipo docente para detectar condutas contrarias á convivencia. -Intervención activa do grupo de mediación do centro (que conta cunha formación axeitada) na detección e resolución de situacións de acoso entre o alumnado. -Implementación nas aulas das prácticas restaurativas. Este curso seguimos coa formación iniciada hai xa varios anos dentro do PFPP. -Coñecemento e implementación do protocolo en cada posible caso.
Promover a participación coa discriminación positiva nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.	<ul style="list-style-type: none"> -Implementación do Steambach, con grupos de investigación en proxectos científico-tecnolóxicos, artísticos e deportivos nos que participan alumnas e alumnos. -Uso do Stemlab no Polo Creativo de 4º ESO.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na convivencia escolar

Medidas	Actuacións
Promover o respecto entre homes e mulleres	Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva de xénero a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
Promover actividades do coidado do medio ambiente	<ul style="list-style-type: none"> -Horta do instituto (permacultura). -Ecodelegadas e ecodelegados. -Plans de reciclaxe do centro (papel, plástico e roupa), onde cada ano imos aumentando o compromiso en medidas e actividades de concienciación.
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> -Club de Diversidade: reunión periódicas os luns ao mediodía. -Conmemoracións das datas sinaladas: 25N, 8M, 31 de marzo (Día da visibilidade trans), 1 de abril (Día do libro de temática lgbt), 17 de maio (Día contra a lgtbiq+fobia) -Actuacións levadas a cabo co alumnado sobre datas representativas que fan visible o papel das mulleres e da

	comunidade LGBTI na historia.
Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas	<ul style="list-style-type: none"> -Formación en metodoloxía cooperativa no PFPP desde hai cinco anos. -Materias integradas en 1º ESO. -Proxectos de tarefas integradas en 3º ESO. -Polos Creativos en 4º ESO. -Participación en proxectos multidisciplinares que se enmarcan dentro dos contratos-programa. -A metodoloxía cooperativa aplícase sempre prestando especial atención ao reparto de tempos de fala e escucha.
Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas	<ul style="list-style-type: none"> -Grupo de axudantes da biblioteca que colabora en actividades de organización e funcionamento así como de dinamización.
Promover actividades de intervención social na comunidade educativa	<ul style="list-style-type: none"> -Patrullas lectoras do Club de Diversidade en datas sinaladas.

6. Seguimento e avaliación

A avaliación terá carácter continuo e valorará diferentes aspectos que serán recollidos na memorial final.

- Grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados en cada actividade.
- Participación activa de toda a comunidade educativa.
- Coordinación entre o profesorado.
- Grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...).
- Materiais empregados.
- Actitude do alumnado.
- Implicación do claustro en materia de Igualdade.

Os instrumentos empregados serán:

- Observación.
- Enquisas e/ou cuestionarios finais de cada actividade co fin de valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

A partir da análise dos obxectivos acadados (ou non) e da participación da comunidade educativa, pódense formular unha serie de liñas de mellora, como as seguintes:

- Detectar posibles situacions de violencia de xénero dentro da comunidade educativa. Utilizaremos indicadores para detectar ao alumnado que é vítima

ou acosadora no recinto escolar por razón de xénero: pode facerse extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.

- Realizar un diagnóstico, utilizando indicadores observables e contrastables, sobre o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- Actualizar ou incorporar en cada caso, nos documentos do centro (no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Titorial) os apartados específicos sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.
- Detectar posibles situacóns de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa. Para tal fin faise especialmente necesaria a implementación da Titoría LGTBIQ+. Farase extensiva ao persoal docente e non docente e ás familias.
- Analizar se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro, así como ao alumnado, e se se ofrece información ás familias.
- Determinar se todo o persoal docente e de orientación sabe como previr e actuar ante situación de acoso escolar homofóbico e transfóbico.
- Analizar a participación nas efemérides específicas como o 25 de novembro, 8 de marzo, Día Internacional contra a LGTIfobia ou unha semana da diversidade afectivo-sexual e de Identidade de Xénero.
- Analizar se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro.
- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas, así como os materiais didácticos que se utilizan no centro, mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Analizar se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.
- Analizar se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.

Data

4-11-2023

Asinado por

Eugenia Fernández Fernández

Anexo: Cadro resumo de actuacións

Comisión de Igualdade 23/24 – IES Valadares

Integrantes	Iolanda Rodríguez (LGL) Miriam Cortiñas (Orientadora) Marcos Barreira (PT) Soraya Ferreira (PT) Patricia Mena (Equipo Directivo + EF) Manuel López Rivas (Bioloxía) Patricia Fernández (XeoHis) Rocío Marcos (XeoHis) Verónica Taboada (LGL) Belén Alonso (EPVA) Eugenia Fernández (LCL - Coordinadora)		
Charlas e obradoiros	Coordinadas con Orientación	Obradoiros de educación afectivo-sexual (Alborada)	1º ESO (novembro)
		Obradoiros de diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar a cargo de Nós Mesmas	4º ESO
		Charla de Noelia Míguez (supervivente de VX)	1º BACH (8 nov.)
	Obradoiros de linguaxe inclusiva a cargo de María del Carmen Méndez Santos (UVigo)		2º ESO 3º ESO
	Enlazavigo 22	Formación contra a VX	4º ESO (13 nov.)
		Visita ao Auditorio Mar de Vigo	Club Diversidade (24 nov.)

		Exposición itinerante "Micromachismo: pasemos á acción".	Todo o alumnado (1-11 decembro)
		Obradoiros de igualdade de xénero a cargo da Deputación de Pontevedra (programa Canteira de Igualdade)	Pendente de solicitar
		Obradoiro de diversidade afectivo-sexual durante a Semana Cultural (Marcos)	2º ESO (marzo)
Actuacións	Club Diversidade <ul style="list-style-type: none"> - Patrullas lectoras en datas sinaladas - Participación no evento EnlazaVigo 23 (novembro) - Obradoiros de diversidade afectivo-sexual co alumnado do CEIP Sobreira-Valadares (marzo) - Xuntanza con equipos de igualdade doutros IES (maio) 		
	Titoría lgtbiq+ <ul style="list-style-type: none"> - Promoción e visibilización 		
	Recuperación punto lila <ul style="list-style-type: none"> - Coa colaboración do departamento de EPVA 		
Formación profesorado	Obradoiro de educación afectivo-sexual a cargo de Pepe Cabido. (Pendente de solicitar)		
Contratos-Programa	Quéda-T Iguala-T Inclúe-T Convive-T Emociona-T		
Conmemoracións	25 N (Día contra a violencia de xénero) 8 M (Día Internacional das mulleres) 31 de marzo (Día da visibilidade trans) 1 de abril (Día do libro de temática lgbt) 17 de maio (Día contra a LGTBIQ+fobia)		

